



## ACT-INCLUSIVE – Actores do Cambio Cara a Educación Inclusiva

Acordo de Subvención N.º 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO



# BOLETÍN Número 4



## ACT-INCLUSIVE: Actores do Cambio Cara a Educación Inclusiva

[Acordo de Subvención N.º 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO]

### O proxecto ACT-INCLUSIVE chega á súa fin - Conclusións da Conferencia Final!

A conferencia final do proxecto sobre «Educación inclusiva en acción: leccións e ferramentas do proxecto ACT-INCLUSIVE» celebrouse con éxito o 12 de novembro de 2025 en Bruxelas e en liña. En total, 93 persoas participaron no evento, 37 de forma presencial e 56 en liña. Foi un grande pracer e unha honra contar coa presenza da responsable de proxectos da UE, que puido ser testemuña do grande traballo realizado durante todos estes anos. As inspiradoras mesas redondas e presentacións das/os socias/os, profesorado e alumnado de todos os países participantes deron esperanzas de que as escolas continúen coas súas accións para preservar e promover a inclusión.

#### Puntos clave

- A inclusión é unha mentalidade, non só un concepto.
- As opinións do alumnado poden impulsar un cambio significativo.
- Xuntos somos máis fortes.

#### Última reunión das/os socias/os

Despois da conferencia, as/os socias/os celebraron a súa última reunión presencial, na que reflexionaron sobre os debates mantidos durante a conferencia e compartiron plans sobre como seguirán promovendo os materiais do proxecto e ampliando as súas actividades máis aló da duración do mesmo. Ademais, as/os socias/os debateron os puntos de acción finais para unha finalización fluída e satisfactoria do proxecto.

#### Direccións futuras

O proxecto ACT-INCLUSIVE conclúe a finais de novembro. O consorcio comprométese a garantir un legado duradeiro a través destas accións clave para o futuro:

- **Sustentabilidade dos recursos:** Todos os resultados do proxecto (en particular, o [Manual de Formación e Sensibilización](#), a [Toolbox](#) e o [Cómic-book](#)) seguirán a ser de acceso público e gratuíto nos sitios web das entidades socias e en espazos públicos (como escolas e bibliotecas públicas, onde sexa posible), o que garantirá o seu uso continuado por parte de escolas e ONGs moito despois de que finalice o proxecto.
- **Compromiso continuo coas escolas:** As/os socias/os seguirán colaborando coas escolas que, en moitos casos, solicitaron de forma proactiva seminarios, obradoiros e sesións de sensibilización baseados no contido do proxecto. Os recursos do proxecto integraranse en seminarios escolares, actividades de aula e formación en 2025-2026 e anos posteriores.
- **Continuidade da rede:** Manterase a rede de aprendizaxe mutua establecida entre os seis países socios e as partes asociadas interesadas, creando unha comunidade de práctica permanente para provedoras/es de servizos e profesionais da educación dedicadas/os a promover a educación inclusiva en Europa.

### Neste número

Benvida/o ao Boletín de ACT-INCLUSIVE. Prácenos compartir as últimas novidades do proxecto, as conclusións da Conferencia e o noso compromiso co futuro da educación inclusiva.

### En resumo: Os logros do proxecto

**Obxectivo do proxecto:** transformar a educación inclusiva dun ideal político a unha realidade práctica.

#### Impacto principal:

**-Empoderamento do alumnado:** Mediante a creación de recursos prácticos e accesibles e a participación do alumnado en concursos de arte e mesas redondas, o proxecto proporcionou ferramentas para que o alumnado con e sen discapacidade se converta en “Actor do Cambio” activo na súa propia contorna de aprendizaxe.

**-Base de coñecementos:** O proxecto logrou trazar un mapa do estado da inclusión mediante [Fichas nacionais sobre inclusión](#), que proporcionan datos cruciais e unha [Colección de boas prácticas](#) para estimular a innovación entre as partes interesadas na educación.

### Partenariado de ACT-INCLUSIVE

- [EASPD](#), BÉLXICA
- [COGAMI](#), ESPAÑA
- [CARDET](#), CHIPRE
- [ETA](#), HUNGRÍA
- [LADAPT](#), FRANCIA
- [CENTER VAL](#), ESLOVENIA

### Mantente ao día con ACT-INCLUSIVE

- [Páxina web](#)
- [Facebook](#)
- [LinkedIn](#)

